

## **PROPOSTA FEMINISTA CARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO GALEGO 2016**

Con motivo da convocatoria de eleccións ao Parlamento Galego o próximo 25 de setembro, a Asociación Teenses pola Igualdade (G15918600), O Soño de Lilith (G94132907), Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (G36455863), Asociación Rede provincial Pontevedra pola Igualdade (G94054889) e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (G70101647), queremos propoñer aos partidos políticos un conxunto de medidas que consideramos importante que se contemplen nos programas electorais e de Goberno futuro para esta Comunidade.

Consideramos que as políticas de Igualdade, que coa crise sufriron grandes recortes, son un investimento ineludible para unha democracia plena e de calidade e non un gasto prescindible coa escusa de que os recursos son escasos. Unha democracia plena ha de ter en conta ás persoas por riba dos mercados e ha de basearse na plena igualdade de oportunidades, de trato e de consideración entre homes e mulleres, que está aínda lonxe de lograrse. As nosas propostas non son partidistas. Facémolas desde a nosa autonomía de mulleres feministas e estamos convencidas de que mellorarán a vida da cidadanía no seu conxunto.

**Obxectivo da proposta: que as forzas políticas se comprometan a favorecer un Gran Acordo Político pola Igualdade en Galicia e para a erradicación das violencias machistas, adquirindo a totalidade dos seguintes compromisos:**

**GARANTIR OS RECURSOS QUE FAGAN POSIBLE A IMPLEMENTACIÓN DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE.**

1. Blindar os recursos económicos e humanos destinados aos Programas e Plans que a Comunidade Autónoma de Galicia dispón para previr, reducir ou eliminar a violencia machista, favorecer a igualdade entre homes e mulleres ou impedir situacións de discriminación que sitúen ás persoas en situacións de vulnerabilidade e indefensión, sexa por razóns de sexo, xénero, raza, lingua, relixión, opinións políticas ou calquera outra opinión, nacionalidade, orixe social, orientación sexual, identidade sexual e de xénero, idade, estado de saúde, diversidade funcional, estado civil, condición de persoa refuxiada... **para que estes recursos non poidan ser eliminados nin recortados baixo ningún pretexto.**
2. Dotar de orzamentos suficientes para o pleno e efectivo funcionamento da Lei Orgánica Integral contra a Violencia de Xénero 1/2004; da Lei de Igualdade efectiva entre Mulleres e Homes 3/2007; da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia (39/2006); do recente Decreto legislativo 2/2015,

do 12 de febreiro de 2016, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; así como da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a súa modificación do 12/2016, de 22 de xullo.

3. Respecto aos orzamentos da Xunta de Galicia consideramos fundamentais as seguintes cuestións: elaborar un exhaustivo informe de impacto de xénero do proxecto de orzamentos e incrementar progresivamente o orzamento destinado ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista, ata acadar o 0,5 % do orzamento total da Xunta de Galicia a finais da lexislatura.

#### **ACCIÓNS A REALIZAR NO PRIMEIRO SEMESTRE DA LEXISLATURA.**

4. Presentar o informe de avaliación do VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes (estratexia 2013-2015) e presentar o VII Plan Galego para a Igualdade entre mulleres e homes, e abordar o seu debate parlamentario.
5. Impulsar o “Plan galego de emprego feminino” con medidas de formación e orientación profesional con perspectiva de xénero de cara á mellora da empregabilidade e o autoemprego, conciliación e corresponsabilidade...
6. Conformar a Comisión non permanente para a Igualdade e para o Dereito das Mulleres do Parlamento Galego inmediatamente despois de formar goberno, ao igual que se fai co resto das Comisións Parlamentarias.
7. Reactivar o Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia.
8. Presentar o informe de avaliación sobre a aplicación das medidas recollidas na Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

#### **A FORMACIÓN COMO BASE FUNDAMENTAL.**

9. Contar con profesionais especialistas en igualdade nos centros educativos que deseñen e impartan contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes e contra as violencias machistas. Garantir que todos os centros dispoñan de persoal cualificado neste ámbito debendo existir polo menos unha persoa especialista para impartir esta materia e formar e asesorar ao resto do profesorado. Así mesmo, garantir que se leven a cabo proxectos destinados a fomentar a igualdade e eliminar o sexismo do ámbito educativo establecendo tamén un seguimento e avaliación de ditos proxectos.
10. Formar e incorporar persoal específico con perspectiva de xénero para atender a diversidade afectivo-sexual nos centros educativos e na sociedade en xeral, así como

traballar de maneira directa co colectivo LGTBIQ+ e crear espazos de acompañamento aos que se poida recorrer en casos de discriminación, proporcionando recursos e axudas.

11. Sensibilizar a través da formación a todos os axentes sociais que actúan en materia de igualdade para incorporar a perspectiva de xénero e atender adecuadamente casos de violencias machistas, trata e prostitución, especialmente ao persoal sanitario, da xudicatura, avogacía, equipos psicosociais, forenses e membros das Forzas e Corpos de Seguridade. Que en todos os procedementos de acceso á función pública se valore e puntúe a formación en igualdade de oportunidades.

#### **PARIDADE/EQUIDADE.**

12. Extremar a vixilancia nas listas electorais e en todas as institucións e organismos públicos para que a paridade sexa real.
13. Penalizar ás organizacións e empresas privadas que non cumpran coa paridade nos seus órganos de dirección.

#### **VISIBILIZACIÓN DAS MULLERES.**

14. Utilizar a linguaxe inclusiva e non sexista en todas as institucións e organismos públicos e oficiais. Evitar a utilización do termo “home” para identificar á sociedade no seu conxunto; empregar outros como cidadanía, humanidade... recoñecendo que existen persoas que non se inclúen na dicotomía home-muller.
15. Visibilizar as achegas, éxitos ou traballos destacados das mulleres en todos os ámbitos, nos contidos educativos e académicos das diferentes materias, así como nos medios de comunicación e actos institucionais.
16. Fomentar mediante convocatorias autonómicas específicas a realización de investigacións referentes a Estudos de Xénero.

#### **ERRADICACIÓN DO SEXISMO.**

17. Sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.
18. Non destinar fondos públicos a ningún acto ou evento onde se faga apoloxía da cultura machista ou se reproduzan estereotipos patriarcais.

19. Instar aos medios de comunicación para que fagan un tratamento adecuado das noticias sobre a violencia machista, visibilizándoa e evitando o sensacionalismo morboso e a linguaxe e imaxes sexistas.

### **VIOLENCIA MACHISTA.**

20. Apoiar, financiar e colaborar coordinadamente coas organizacións civís e non gubernamentais que sexan activas na loita a favor da igualdade e en contra das violencias machistas.

21. Potenciar proxectos de investigación dirixidos ao estudo das causas da violencia e discriminación machista e das vías para a súa erradicación na nosa sociedade.

22. Instar ao goberno central a que se considere como violencia machista toda agresión sufrida por unha muller ou por persoas do seu círculo máis achegado, exercida polo feito da súa condición de muller ou por concorrer na súa protección, con independencia da vinculación sentimental co agresor.

23. Elaborar e poñer en práctica protocolos e medidas de actuación para protexer a vida e a integridade física e psicolóxica das afectadas pola violencia machista e das súas fillas e fillos, así como facilitarlles unha verdadeira recuperación vital, económica e social.

24. Darlle o mesmo tratamento ás vítimas mortais por violencia machista que ás vítimas mortais por terrorismo.

25. Facer difusión ampla e continuada das medidas actuais para a prevención da violencia machista para que se achegue a todos os sectores e segmentos da poboación.

26. Reforzar a rede de CIM's de xeito que sexa un verdadeiro servizo autonómico permanente, dirixido a todas as mulleres desta Comunidade.

### **PROSTITUCIÓN.**

27. Instar aos gobernos locais a extremar a vixilancia nos prostíbulos ou locais chamados “de alterne” e a traballar por mellorar os protocolos para a detección de trata de persoas e o endurecemento das penas por delitos desta índole.

28. Perseguir a explotadores e proxenetas e sancionar ao cliente.

29. Difundir campañas publicitarias e de formación para disuadir sobre o consumo de prostitución.

30. Retirar subvencións públicas a toda empresa que ofrezca ou anuncie servizos de contactos ou prostitución.
31. Facer efectiva a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que regula a trata de mulleres e nenas como violencia de xénero.

#### **CUSTODIA COMPARTIDA.**

32. Comprometerse a non implantar a custodia compartida imposta como réxime de primeira orde nos supostos de crise de parella.
33. Garantir que nos procedementos penais incoados por violencia machista sempre prevalecerá a protección dxs menores, así como a suspensión cautelar do réxime de visitas. No suposto de condena firme, suspensión definitiva do réxime de visitas e privación da patria potestade.

#### **AS MULLERES RURAIS.**

34. Poñer os medios necesarios para implementar decididamente a Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, unha ferramenta para alcanzar a verdadeira equiparación das mulleres e os homes nas explotacións agrarias.

#### **DEREITO A DECIDIR.**

35. Traballar na procura da recuperación do dereito a decidir das mulleres de 16 e 17 anos sobre a súa propia maternidade.
36. Repoñer a rede de COF e os Centros QUÉROTE+ dotándoos de medios necesarios para o seu correcto funcionamento.

#### **EQUILIBRIO NOS COIDADOS DE FILLOS E FILLAS DENDE O SEU NACEMENTO.**

37. Instar ao Goberno do Estado a implantar progresivamente, tal como demanda a Plataforma por Permisos Iguales e Intransferibles de Nacimiento y Adopción [PPIINA], os permisos de paternidade obrigatorios e non transferibles.

#### **TRANSVERSALIDADE DA PERSPECTIVA DE XÉNERO.**

38. Abordar o perfil profesional de Axentes de Igualdade, figura clave xurdida do necesario cumprimento dos compromisos políticos nacionais e internacionais en materia de igualdade

e actividade profesional cunha clara proxección nas administracións públicas, empresas e entidades sociais.

39. Contar coa participación e opinión de profesionais e colectivos ou asociacións feministas cando se adopten medidas lexislativas ou executivas que lles afecten directamente.

**ASINAN A PROPOSTA:**

Rosa Gómez Limia con DNI 12656016-J, presidenta da Asociación Teenses pola Igualdade.

Daisy Alcalde Montegudo con DNI 35491746-D, presidenta da Asociación O Soño de Lilith.

Mercedes Renda Melón con DNI 36147833-K, presidenta da Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA).

Carmen Cajide Hervés con DNI 35436675-T, presidenta da Rede provincial Pontevedra pola Igualdade.

Rosa Arcos Caamaño con DNI 33291048-C, presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR Galicia).

**Campaña de difusión visual das propostas:**

[https://www.youtube.com/watch?v=kNrMUB\\_toLE&feature=toutu.be](https://www.youtube.com/watch?v=kNrMUB_toLE&feature=toutu.be)

<https://www.youtube.com/watch?v=oGQpb-b2JyI>

**Correo electrónico:** [feministasgalegas@gmail.com](mailto:feministasgalegas@gmail.com)

25 de agosto de 2016